





Otero sempre en Trasalba

Otero sempre en Trasalba

Otero sempre en Trasalba



IDEA E PRODUCCIÓN

Aira Iniciativas Culturais S.L. | www.aira-ic.com

EDITA

Fundación Otero Pedrayo

Casa Museo Otero Pedrayo, Cima de Vila, Trasalba, Amoeiro (Ourense) | Tel. e fax: 988 281 139

DESEÑO

O Clube da Esquina S.L.

Presentación


É para min unha grande satisfacción, como Presidente da Fundación Otero Pedrayo e como amigo do Señor de Trasalba, presentar esta exposición itinerante dirixida a percorrer os camiños de Galicia que tanto amou Don Ramón.

Tentamos con ela achegar a mozos e vellos, a centros escolares e entidades culturais das cidades e vilas da Terra, a memoria deste grande e polifacético humanista convertido en vida en símbolo de unidade dos galegos -como fora Rosalía no XIX- que o fixo merecente do sobrenome de "Patriarca das Letras Galegas".

Como se ve ó longo dos paneis que integran esta mostra, Otero non só viviu moitos anos senón que os viviu moi intensamente, falando e escribindo sen descanso, case ata a súa morte. Froito desta longa e vizosa andaina vital é un triple maxisterio no coñecemento e comprensión no noso medio natural e humano, na reflexión histórica moitas veces exercida a través das biografías de galegos ilustres, e na súa máis coñecida faceta de creador da prosa galega contemporánea. Pero Don Ramón na súa vocación de totalidade, nun tempo no que todo estaba por facer, impulsou as actividades do grupo Nós, do movemento político galeguista, foi autor de Teatro e mesmo poesía, e a expresión da Galicia consciente nas súas viaxes a América, e sen dúbida, a palabra viva, vizosa e particular do mellor orador que deu esta Terra.

Queremos tamén con esta exposición achegar a actividade da nosa Fundación a tódolos recunchos de Galicia e espertar nas súas xentes o interese en coñecer directamente a casa Museo de Otero Pedrayo nas ourensás terras de Trasalba como un dos espazos de referencia da cultura e da historia do noso país.

Saúde e boa andanza



Agustín Sixto Seco

O Pensamento Oteriano

CATOLICISMO

O catolicismo é unha das claves básicas para achegarse ó pensamento de **don Ramón**, deputado galeguista nos inicios da República, que se presenta como deputado «*católico e nazonalista*» e que vota en contra das medidas laicistas do goberno republicano. Con **Risco**, **Ramón Cabanillas** e **Filgueira Valverde**, asinou o manifesto *Afirmación católica dun grupo de nacionalistas* que defendía o *sistema de valores éticos que o catolicismo representa*. Home católico, pero tamén liberal, reivindicaba a identificación dunha Galicia de seu coa cultura cristiá recorrendo a cotío ó símbolo xacobeo do **Apóstolo Santiago**.

O CELTISMO

Como sucede tamén na obra literaria de **Vicente Risco** ou nas prosas galegas de **Cuevillas**, seguindo sempre as pegadas da construción ideolóxica da nación de **Manuel Murguía**, para todos estes autores o pasado celta de Galicia era o que lle daba a este país carácter fundacional e o que sostíña como un elemento inmorredoiro a cerna máis fonda da «alma do pobo». **Otero** expresou esta idea do carácter inmutable dun substrato étnico con fermosas verbas: «...*na zona íntima, intraducible e libre do pobo galego, latexa a conciencia celta, prerromana, a que corre desde as orixes baixo tódalas formas externas e seguirá correndo no futuro*».

Otero Pedrayo nuns xogos florais en Ourense.
(Foto Reza)



PORTUGAL

O lusismo político, isto é, a consideración de Portugal como país irmán que debe participar nun proxecto de confederación dos pobos hispanos, é unha constante no movemento galeguista desde os tempos de **Pondal** e **Curros Enríquez**. **Otero** segue unha tradición consolidada no galeguismo e leva esta visión ós seus ensaios, por exemplo cando escribe sobre o nacemento de Portugal como manifestación nida da plenitude e vitalidade da Galicia medieval.




DIXERON...

«Para Otero é na historia onde hai que percura-lo que define cultural, económica e espiritualmente ó ser de Galicia. A historia forma a tradición, e ela é criterio de lexitimación do presente, fornece que tipo de futuro é o axeitado para o país. Para el, Galicia ten como riscos que definen a súa entidade nacional unha peculiar configuración socioeconómica e un modo de ser profundamente relixioso e católico. (Xosé R. Quintana e Marcos Valcárcel, *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento*, 1988)



Don Ramón
no Castromil



Moitos nomes ten recibido o grupo de escritores formado en Ourense arredor da revista *Nós*: Xeración Nós, Grupo Nós, Xeración de Risco, Xeración entre dúas guerras, etc. Otero forma parte da cerna deste núcleo cultural, con Risco e Cuevillas, e no que tiveron tamén un pouso destacado as figuras de Antón Lousada Diéguez, Ramón Cabanillas e Castelao. Eles crearon e potenciaron novas infraestruturais (editoriais, revistas, xornais...), fundaron a prosa galega moderna, tanto de ficción como ensaística e, na actividade política, puxeron as bases do galeguismo desa hora, dirixindo as Irmandades, teorizando o nacionalismo e logo creando o Partido Galeguista na política republicana, sempre nun común esforzo por modernizar e europeizar a cultura e a sociedade. A revista *Nós*, fundada en Ourense no outono de 1920 e que prolongará a súa vida (con algunha interrupción) ata xullo de 1936, será o motor desa redescuberta de Galicia como pobo diferenciado, cunha historia e cultura de seu. Na revista *Nós* publicará Otero algúns dos seus ensaios máis significados como «O estilo da paisaxe», «Un ensaio encol do tempo de hoxe» ou «Occitania e Atlántida», entre outros.

DIXO...

Eran os días remozadores, gloriosos da revista Nós, da intensa colaboración nos traballos do Seminario de Estudos Galegos. Daquela tertulia de valor e influencia semellantes ós da ilustre da librería de Carré Aldao na rúa coruñesa do "Riego de Agua", saíron artigos, libros, propagandas, vocacións. Na mesma sesión organizábase un viaxe de pesquisa arqueolóxica, unha campaña política, discutíase un novo libro, era acollido un amigo ou un descoñecido de paso en Ourense.

(Otero Pedrayo, R., Florentino L. Cuevillas, 1980)



Vicente Risco

DIXERON...

«A toma de conciencia galega, despois dunha etapa anterior culturalista e desgaleguizada, aparece definida en *Nós*, os *inadaptados* de Risco e en *Arredor de si*, de Otero Pedrayo, e véñense tomando como o trazo máis propio desta xeración. (Xosé Luis Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra*, 1984)



ARREDOR DE SI'


Arredor de si apareceu en 1930, dous anos despois, de novo na editorial Nós. Peza fundamental para achegarse á cosmovisión oteriana, é tamén a obra máis estudada do autor de Trasalba. O propio Vicente Risco definiuna, cando a súa aparición, como a biografía da Xeración que compartían Risco e Otero, a biografía da Xeración Nós desde o individualismo e o egocentrismo ata un movemento tan gregario e apegado ás raíces como o galeguismo. Novela de iniciación e aprendizaxe, representa ó mesmo tempo a viaxe interior do protagonista e a redescuberta da Terra: «¡Canto nos costou descubrir-la nosa Terra dando voltas polo universo e os libros!».



Otero, con bigote, en Trasalba.

OS CAMIÑOS DA VIDA'

Os Camiños da Vida foi publicada pola Editorial Nós en 1928, en tres volumes titulados «Os señores da terra», «A maorazga» e «O estudante». É unha das pezas imprescindibles das nosas letras contemporáneas. Nela asistimos ó paso da economía «natural» á economía monetaria, coa desfeita do poder secular dos mosteiros pola desamortización e os inicios da decadencia dos fidalgos ou «señores da terra»; á incidencia na vida da aldea da chegada dos comerciantes e tendeiros casteláns e maragatos; á guerra carlista entre liberais e partidarios do absolutismo, etc. Cos fidalgos no centro da acción, Otero creou aquí un dos seus mellores personaxes, Adrián Soutelo, personaxe romántico marcado pola soidade e a misantropía, a identificación coa natureza, o desencanto polo tempo presente e a nostalgia polo pasado.



Con Ramón del Valle-Inclán en Ourense

DIXERON...

«Ensaísta, novelista, biógrafo, poeta e dramaturgo, Otero Pedrayo é unha figura de primeira liña na vida cultural galega do presente século. Home de grande saber, a súa obra revela unha curiosidade intelectual insaciable que o levou a camiñar por todos os eidos do saber, dende a filosofía ata a mitoloxía, dende a historia ata a medicina, dende o folclore ata as culturas máis experimentais. Aparentemente, hai en tódolos seus escritos un evidente predomínio da emoción e do apaixonamento sobre a razón. (Xosé Manuel Salgado, *Introducción a Contos do camiño e da rúa*, 1995)

Político e Deputado Galeguista



Don Ramón cos alumnos do Instituto Ourenseño.

Encadrado no nacionalismo desde as Irmandades da Fala, en abril de 1931 Otero Pedrayo funda en Ourense o Partido Nazonalista Republicano de Ourense (P.N.R.O.), do que será presidente e no que militan tamén Vicente Risco, Arturo López Trasancos e Ricardo Outeiriño, entre outros. Así, os galeguistas logran situar na Casa do Concello o primeiro concelleiro nacionalista da historia local, o mestre Eleuterio González Salgado. E conseguen ademais, en candidatura conxunta cos republicanos e socialistas, achegar a Otero Pedrayo ata as Cortes de Madrid en xuño do mesmo ano, sendo Otero o candidato máis votado na capital. A presenza do escritor no parlamento fíxose notar en debates en defensa do idioma galego, apoiando a Castelao, ou cun enérxico discurso para defender o modelo federal na nova Constitución republicana-



En Monforte, no ano 1922, na Asambleira das Irmandades da Fala.



na. Otero votou en contra das medidas laicistas do artigo 26 da Constitución. En decembro de 1931 os galeguistas ourensáns, con Otero Pedrayo á cabeza, intégranse na disciplina do Partido Galeguista de Castelao e Alexandre Bóveda.

OTERO ESCRIBE SOBRE CASTELAO

«Fumos amigos, irmáns, dende a mocidade. Dende o primeiro intre de falarmos —e foi en Toledo— xa quedamos cingidos nunha amizade que é a gloria máis pura e o tesouro máis rico que, agás dos pais e da esposa, ten o home xa vello que escribe estas liñas tremándolle ca emoción a man ó pensar que Daniel non voltará a enxergar o seu val da Ulla, nestora ledo de novos gromos e paxaros, nin... Podiamos pór, calquera recanto da Nosa Terra. Pois ás veces, falando, ténolle sentido decir seu amor pola Galiza esquencida, os terraxes probes, de penedos e toxos, non cantados polos poetas... É que, infundamente xeneroso, quería o ermo e gustaba na tristura ser compañeiro do triste, a cousa máis doorida para Daniel. Non podía concebir o mal nos curazóns dos homes e, enxergando os efectos da inxustiza, sofría como un mártir por todos os que a padecían.» (A Nosa Terra, número 474, Día de Galiza, 1950)

En Barcelona con Castelao.



A Longa Postguerra

A partir dos anos 50 a figura de Otero Pedrayo aglutina ás novas e vellas xeracións de galeguistas vencellados á Editorial Galaxia, presidida no seu consello de administración polo escritor. Destaca nestes anos o seu labor de conferenciante, articulista, catedrático de Xeografía na Universidade de Compostela, frecuentando faladoiros como o do Café Español. Publica novas pezas literarias como a novela *La vocación de Adrián Silva* (1950); a biografía de don Juan Manuel Bedoya; as súas lembranzas da viaxe americana en *Por os vieiros da saudade*; a obra de teatro *O desenganado do prioiro* (1952); os contos en galego do volume *Entre a vendima e a castañeira* (1957); os poemas do libro *Bocarribeira*, editado por Brais Pinto en Madrid (1958) e a *Geografía de España* (1955-1956). É a hora tamén das grandes homenaxes públicas do mundo cultural galego e de América. Morto Castelao no exilio en 1950, o escritor de Traslalva é xa daquela referencia obrigada que une o pasado inmediato coa esperanza de futuro, considerado por todos como o Patriarca das Letras Galegas.

Don Ramón con Manuel García Barros.



Con Ramón Piñeiro e Domingo García Sabell.

O XORNALISMO

O xornalismo de don Ramón Otero Pedrayo é un inmenso océano que se inicia nos anos 20 co periodismo de tese ou galeguista en publicacións como *A Nosa Terra*, *Céltiga*, *El Pueblo Gallego* ou *Heraldo de Galicia*, en centos de artigos ata 1936 en xornais e revistas da Galicia interior e da emigración. Cabe suliñar aínda o seu xornalismo ourensán, en medios como *La Región*, *La Zarpa*, *La República*, *Misión*, etc., con seccións específicas como «Del Orense Antiguo», desde os anos cincuenta. Outra perspectiva relevante é o seu xornalismo en galego, na sección fixa «Parladoiro» do xornal *La Noche*.

A DOCENCIA

No ano 1948 Don Ramón comeza a dar clases de novo no Instituto de Ourense e en 1950 gaña a Cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago onde exerceu durante oito anos -os máis felices da miña vida- en palabras de Otero. Ese reencontro con Compostela supuxo o contacto directo coa intelectualidade universitaria que daquela agormaba en Galicia. Foi home de aulas, tertulias, e solitarios paseos nocturnos.



DIXERON...

«Otero Pedrayo era entón, nun certo senso moi rigoroso, o mestre da nación; o mestre do recoñecemento da caste, lingua, paisaxe, peripecia e sino dos galegos por nós, os galegos.»

(Álvaro Cunheiro)





Diante do mapa de Fontán na casa de Trasalba

DIXERON...

«Dende a solaina do pazo, Don Ramón alonga o seu índice-catedrático dereito, e semella como se ó nomear as serras, os ríos, os vales e os cómaros, fora nacente e ordenándose a campia tan amada do Mestre, tan entrañablemente enxergada día a día. Riba do púlpito case lexendario do seu balcón, a súa voz e o seu xesto semellan prometer a paz das terras, a abundancia das colleitas, o amor dos labregos, o regreso dos que perderon a ledicia dos panoramas...» (Emilio Álvarez Blázquez, "Notas de un viaxe a Trasalba" en *Homenaxe da Galicia Universal*, 1958)

O contacto coas xentes e paisaxes de Trasalba, canda a nenez, fixo nacer en Otero unha paixón pola análise da interacción entre o home e a terra. Non tivo unha específica formación na ciencia xeográfica que daquela estaba aínda nacente, pero é dos creadores dunha xeografía da paisaxe que mesmo se pode relacionar co ecoloxismo moderno. As reflexións sobre os grandes sistemas xeográficos do medio natural, bocarribeira, ribeira, montaña e mariña, vense complementadas con achegas interesantísimas á historia vivencial da evolución dos ritmos da cidade. Tamén viviu esta paixón xeográfica no comentario de libros de viaxeiros antigos e mesmo na redacción de libros de viaxes propios: *Pelerinaxes*, 1929; *Polos vieiros da saudade*, 1952.



Na solaina de Trasalba.

DIXO...

«A terra somos nós; vive, medra, esmorece con nós e nós con ela. Neste senso, e en moitos outros, a miña nenez de Trasalba é definitiva, é o contacto co cosmos, coa noite terrible, os solpores, a chuvia e os cambios da lúa. Qué podo dicir eu de todo isto.... Trasalba era, pra os nosos ollos de neno, o berce do universo: as árbores, o val aberto, os trebóns, o millo, o saibo do viño novo...» (Otero Pedrayo a Victor Freixanes, *Unha ducia de Galegos*, 1976.)



Xuntanza do seminario de Estudos Galegos.

A interpretación do devir do home galego no seu medio supera en Otero as fronteiras dos xéneros. Tense achegado a el desde o punto de vista do historiador, con interesantes artigos sobre aspectos concretos da vida da cidade de Ourense, de estudo de personaxes históricos como Xelmírez, o Padre Feijoo ou Marcelo Macías, ou mesmo a través das súas novelas e relatos. Otero convértese dalgún xeito no cronista sentimental do solpor dun sistema social idealizado, como o antigo réxime. Certamente Otero non viviu xa eses tempos, pero as referencias orais escoitadas na súa mocidade foron configurando nel unha identificación entre tradición, cristianismo e Terra como esencia do pobo. E así, mediante a integración dos seus coñecementos de historia, xeografía e antropoloxía, constrúe ensaios globais sobre a cultura galega e as esencia da nación.


DIXO...

«Disfrutou Galicia desde o amencer dos tempos históricos dunha conciencia orixinal. Esa conciencia pervive aínda hoxe. Ela inspirou os períodos vitais de Galicia. Os períodos calados, mortos, significan un recolleemento, un silencio da conciencia galega. O feito de que seguise existindo á espera de mellores tempos non dubidaremos en explicalo pola feliz e total adaptación da raza á terra.» (Ramón Otero Pedrayo: *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, 1932)



DIXERON...

«¿Que mellor achega á historia do século XIX que o romance *Os camiños da vida* ou que mellor fixación do percurso seguido pola fidalguía galega no século XIX que o seu conto breve *O fidalgo* ou o romance *O mesón dos ermos*? Despois do esforzo de Murguía, asentado no tema forte do celtismo, atopamos en Otero unha visión de Galicia menos étnica e máis cultural, menos pagana e máis cristián, menos aillada e máis conectada coa cultura occidental.» (R. Villares "Variacións sobre a historia de Galicia" en *Otero Pedrayo, 25 anos da súa morte. La Voz de Galicia*, 1-2-2001)



Un Poeta e Dramaturgo sen Explorar




Co Grupo Brais Pinto de Madrid.

DIXERON

«Baixo as bóvedas da catedral soaba un increíble *Dies irae*, cantado pola voz profunda dun cóengo. As naves estaban repletas polos unáimes e incontables amigos de sempre. E no presbiterio estaban os cinco bispos de Galicia. Todo, en honor dun home sen poder nin honores políticos, amortallado cun hábito franciscano, nun cadaleito envolto coa bandeira de Galicia.»
(A. Torres Queiruga)

Otero non considerou a súa obra poética digna de ser xuntada nun volume. Aínda que si permitiu incluír parte dela en antoloxías ou mesmo agasallou, no seu momento, a uns rapaces novos —o grupo Brais Pinto— cun feixe de poemas para facer un fermoso libríño paisaxista, *Bocarribeira*. En calquera caso, a súa obra poética, dispersa, está sendo posta en valor. Acontece que a inmensidade da súa obra narrativa escureceu esta faceta, tanto como a de dramaturgo. Efectivamente, desde o ano 1929 en que publica *A lagarada* —obra na que combina un mundo tradicional cunha estética anovadora e simbolista— ata o *Teatro Ignorado* —colectánea de 41 textos breves reunidos en 1991— sempre lle dedicou un interese especial.




DIXO...

«O interese do teatro acéndese para o entrañable apaixonado, mais non arredor da escea, e non só na área das candilexas. Curto espacio e no espírito, significanza e forza de evocación, os dous hemisferios da historia universal e do alén da historia do corazón... E pode cavilar na exemplaridade dun lexítimo Teatro Galego. De signo e torgueira céltica, occidental, de esencias líricas dramatizadas. Onde o mundo e o trasmundo, cotiáns, aparezan como lembranzas ou promesas do infindo misterioso...»

(Otero Pedrayo, R., "Prólogo" en M.D. Varela Buxán *Teatro galego*, 1975)

Bocarribeira
Poemas para leer e queimar
Bocarribeira: herdeira, santa, laica,
sofismático, farras de caíño,
cura santo, leda reunión,
feiras pacíficas, gesto do camiño...
moza seuriñ de labia na serra albeira
e neve garantíxoa na ribeira.
Trabalha dos Otaos
Nadal e Neuses
MCMXLV - MCMXLVI

Cos Galegos de América



De visita con Manuel Puente a unhas adegas en Mendoza (Arxentina).

Nos anos vinte e primeiros trinta Otero sentiase lonxe do mundo emigrante pola renuncia que este supuña á sociedade tradicional galega e polo intento de triunfo e éxito nas novas formas económicas e culturais dunha contemporaneidade que non chegaba a compartir plenamente.

Sen embargo, nos anos posteriores á guerra, cando as esencias da Galicia consciente, personalizadas en Castelao, se atopaban refuxiadas no Río da Prata, chegou a viaxar alá como símbolo de que unha Galicia culta e activa resistía ós malos tempos tamén no interior.

Fixo a América tres intensas viaxes. A primeira en 1947 a Bos Aires —onde se reencontraría con Castelao— e Montevideo; a segunda en 1956 a Venezuela, onde estaría en contacto con Silvio Santiago e a numerosa colonia ourensá de Caracas; e a terceira, en 1959, ó pouco de se xubilar, de novo ó Río da Prata.

Colaborou nos xornais e revistas das colectividades desde Cuba a México ou desde Uruguai a Arxentina, e mesmo editou varios dos seus libros en América. Unha *Breve historia de Galicia*, en Chile (1939), *O libro dos amigos*, en Bos Aires (1953) e, fundamentalmente, os tres volumes da grande *Historia de Galicia* que os mecenas porteños e galegos patrocinaron desde 1962.

DIXO...

«Nosa chegada era, pra moitos, o desembarco de unha vivente crónica de cousas e persoas... E así, dende a nosa chegada, fumos pra moitos galegos crónica vivente de vidas, de feitos, de cousas de onde e de moitas máis de nantronte e do tempo pasado. O primeiro —e de despoixa e de sempre— foi o lembrar ós amigos con amigos. Estaban entón fresqueiros na entrana, doentes e vivos de door, os ocos de moitos amigos guindados por a Morte.»

(Ramón Otero Pedrayo, *Por os vieiros da saudade*, 1952)

Don Ramón nos últimos anos.



Con Luis Seoane e Isaac Díaz Pardo.



DIXERON...

«Eu levo moitas ganas de abrazarte, pois xa non teño esperanza de ver nunca máis a nosa Terra, e abrazarte a ti é abrazar a Galicia. Este retorno a Bos Aires é definitivo. Vou cansado, incruzo de vivir. Cansado de ver países diferentes. Ningún como o noso.»
(Castelao, carta a Otero Pedrayo. 3 agosto de 1947)

O Orador de Galicia

DIXERON...

«Son tantas as verbas, que non caiben na aula.

O estudante mozo de Compostela non está en Compostela.

Don Ramón segue falando. Tampouco el está onde está.

É a voz de tódolos ríos despenándose montaña abaixo. É a voz de tódolos mares baténdose nos rochedos. É a voz de tódolos ventos que se peitea nas árbores. É a voz doce e prometedorra do mencer. É a voz forte e equilibrada do mediodía. É a voz mergurenta e desenganada do solpor.

Don Ramón é a voz de Galicia.

As verbas son tantas que non caiben na aula.

—“La hora”, di algún.

Deixan tódolos ríos de despenarse montaña abaixo. Deixan tódolos mares de baterse nos rochedos. Deixan tódolos ventos de peitearse nas árbores. O estudante mozo de Compostela séntese pequeno. Pequeno. Ten aínda no seu peito a sensación do vértigo. Ten que atravesar toda unha distancia. Logo, chegará a Compostela.»

(G. R. Mourullo “Catro momentos de D. Ramón” en *Homenaxe da Galicia Universal*, 1958)



Agradecendo unha homenaxe

Para o grande público, Otero era un señor grande, galeguista e elegante que falaba moito e ben. Os libros publicados nos anos vinte e trinta a penas estaban ó alcance duns centos de persoas pero a súa actividade esforzada, de participación en canto acto público reclamase a súa presenza, fixeron del unha referencia imprescindible como mestre da palabra oral nos actos culturais de Galicia entre os anos cincuenta e setenta.

Otero é un orador dunha forte raíz clásica aprendida, fundamentalmente, no Instituto de Ourense que hoxe leva o seu nome. Alí desenvolveran a súa actividade latinistas e amadores do mundo clásico como García Mosquera ou Saco e Arce, pero el é discípulo directo, sobre todo, do cóengo Marcelo Macías e do catedrático gaditano Eduardo Moreno.

Tense comparado o seu estilo cun río e os seus afluentes, cunha árbore e as

súas pólas, sobre todo polo grande dinamismo do discurso no que agroma unha clara vocación de totalidade. Certamente o seu é un estilo torrencial. Co seu grande poder evocador, introduce nun discurso ben modulado unha ferverza de imaxes, datos, lembranzas, situacións, personaxes, referencias, que acompañan a unha característica voz rexa e forte, que aínda hoxe resulta engaiolante.

No Centro Galego de Madrid



A Fundación Otero Pedrayo: A Casa da Memoria



Chateaubriand: ás últimas lecturas.

Otero Pedrayo legou a Casa de Trasalba, con tódalas súas pertenzas, á Editorial Galaxia, como representación da Galicia consciente de si mesma. Sinalou no testamento a súa vontade de que se constituíse un Patronato para o coidado e posta en uso do mesmo, ó tempo que desexaba para ela un uso cultural continuado. Galaxia promoveu daquela o establecemento dunha Fundación que, integrada por representantes dos distintos estamentos culturais do país, se encargase da xestión do Casa Museo Otero Pedrayo e da promoción da súa memoria.

Desde aquel momento, a Casa Museo Otero Pedrayo converteuse nun lugar emblemático da memoria histórica do país, e é visitado por miles de persoas tódolos anos. A Fundación encargouse da restauración do edificio e da modernización das instalacións para posibilitar o seu uso cultural continuado. Entrega anualmente o Premio Trasalba a un galego que se distingue polo seu traballo ó longo da súa vida e celebra unha afamada festa romería anual no Souto do Pazo.

A Fundación Penzol garda en Vigo a parte máis importante dos manuscritos, correspondencia e documentación oteriana, por directo legado de Don Ramón, e o Consello da Cultura Galega conserva nos fondos do Arquivo Sonoro gravacións de dúas de conferencias do autor.

PREMIOS TRASALBA

- 1983 > Xaquín Lourenzo Fernández
- 1984 > Isidro Parga Pondal
- 1985 > Antonio Fraguas Fraguas
- 1986 > Valentín Paz Andrade
- 1987 > Ramón Martínez López
- 1988 > Francisco Fernández del Riego
- 1989 > Miguel Anxo Araúxo Iglesias
- 1990 > Xosé Fernando Filgueira Valverde
- 1991 > Luís Tobío Fernández
- 1992 > Xaime Isla Couto
- 1993 > Isaac Díaz Pardo
- 1994 > Marino Dónega Rozas
- 1995 > Francisco Xavier Río Barxa
- 1996 > Pura Vázquez Iglesias
- 1997 > Raimundo García Domínguez «Borobó»
- 1998 > Ricardo García Suárez «Xohán Ledo»
- 1999 > Carlos García Martínez
- 2000 > Xesús Alonso Montero
- 2001 > Xosé Luís Méndez Ferrín

Cos veciños de Trasalba en Bos Aires, 1947.



DIXERON...

«...porque Otero Pedrayo, como onte e sempre Rosalía, é tamén unha auténtica luz que unifica ós galegos. É un símbolo colectivo da identidade galega con vocación de suscitar confluencias. Sinalamos só dúas entre outras moitas das que se podería botar man: No ano 1950 un tribunal universitario outorgoulle con éxito inenarrable e incontestable a Cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago. E como colofón derradeiro dunha vida de cristián exemplar os bispos todos da súa Terra, presididos polo arcebispo de Santiago, o vasco Don Ángel Suquia, xuntáronse nunha misa colectiva celebrada en lingua galega e con cánticos en latín, ó seu redor na vella catedral románica de Ourense, onde el desde moi novo se sentira engaiolado coa mestría da palabra de Don Marcelo Macías.»

(Agustín Sixto Seco, “Presentación” en *Especial Otero Pedrayo: Raigame* 12, 2001)

Unha Vida en Datas

1888 Nace o 5 de marzo na antiga rúa dos Zapateiros ourensá, hoxe rúa da Paz, fillo do médico **Enrique Otero Sotelo** e de dona **Eladia Pedrayo Ansoar**.

1898 Ingresa no Instituto do Posío onde coincide con **Florentino López Cuevillas**. Engaiolado pola literatura, a xeoloxía e a química, detesta a aritmética e a gramática.

1901 Asiste, nas festas do Corpus e con **Cuevillas**, a merendar convidado por **Emilia Pardo Bazán**.

1905 Marcha no outono a Madrid, onde frecuentará a biblioteca do **Ateneo**, para cursar estudos de Filosofía e Letras e Dereito, por libre.

1911 Volve a Ourense en xullo e reencóntrase con **Risco**, **Cuevillas** e **Primitivo Rodríguez Sanjurjo**, participando na Comisión de Monumentos, presidida por **Marcelo Macías**.

1914 Participa na fundación do **Ateneo de Ourense**.

1917 Colabora en *La Centuria*, dirixida por **Risco**, e afilíase ás **Irmidades da Fala**.

1919 Gaña as oposicións á cátedra de instituto de Xeografía e Historia na cidade de Burgos, para pasar, no curso seguinte, a Santander. Participa na fundación da revista *Nós*.

1921 Mediante unha permuta fixa a súa residencia en Ourense como catedrático de Xeografía e Historia do Instituto no que cursara o bacharelato.

1923 Casa en San Vicente de Toranzo (Ontaneda) con **María Josefa Bustamante Muñoz**, dona **Fita**, matrimonio que non terá fillos. Participa na fundación do **Seminario de Estudos Galegos**, onde preside a sección de Xeografía.

1924 Gaña con *Pantelas, home libre*, inicio da súa andaina como escritor de ficción, o premio do SEG na «Festa da Lingua Galega». Publicarao en Lar o ano seguinte.

Publica a *Síntesis xeográfica de Galicia* **1926** e a súa segunda narración curta, *O purgatorio de don Ramiro*, ademais da súa *Guía de Galicia*.

Publica en *Nós* a primeira tradución no ámbito peninsular dun fragmento do *Ulysses*, de James Joyce.

Publica *Escrito na néboa* (Lar) e *Estampas de Ourense a mediados do século XVIII*. **1927**

Publica a triloxía *Os camiños da vida* (*Os señores da terra*, *A maorazga*, *O estudante*) e a súa peza teatral *A Lagarada*. Viaxa a pé dende Ourense a Santo Andrés de Teixido con **Risco** e **Xosé Ramón Fernández Oxea**, roteiro recollido en *Pelerinaxes*.

Ingresa na **Real Academia Galega** cun discurso sobre «*Romantismo, Saudade, Sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal*». **1929**

Funda o **Partido Nazonalista Republicán de Ourense**, do que é elixido presidente. O 28 de xuño é elixido deputado pola provincia ourensá como militante do P.N.R.O. nunha candidatura conxunta de republicanos, galeguistas e socialistas. En xullo intervén por primeira vez nas Cortes para defender a fórmula federal na nova Constitución.

Publica *Contos do camiño e da rúa*, e as obras *Morte e resurrección* e *Lembranza de Goethe*. **1932**

Participa en Santiago na Asemblea de Municipios a prol da aprobación do anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia.

Viaxa a Barcelona en compañía de **Castelao** e é recibido polo presidente **Maciá** no Palau de la Generalitat. **1933**

En novembro, perde o seu escano parlamentario ó presentarse en solitario o **Partido Galeguista**.

Publica o *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*.

Viaxa a Euskadi dentro dos pactos **Galeuzca** cos nacionalistas vascos e cataláns. Publica as novelas *A romeiría de Xelmírez* e *Fra Vernerio*. **1934**

Unha Vida en Datas

1935 Sae elixido presidente do **Seminario de Estudos Galegos**.

1936 Publica a novela *O mesón dos ermos* e apoia a campaña a prol do Estatuto de Autonomía. Nos días iniciais da guerra civil permanece en Ourense entre o piso da rúa da Paz e a casa de Trasalba, abraído coa morte e o exilio de moitos galeguistas.

1937 En agosto a Junta Técnica del Estado césao na súa función docente e dao de baixa no escalafón como catedrático de Xeografía e Historia no Instituto de Ourense. Refuxiado en Trasalba, colabora en publicacións como *Misión*, *Posío*, *Ambiente*, etc., en castelán e asinando con heterónimos como **Santiago Amaral**, **Luis Peñanofre** ou **Luis de Alba**.

1944 Sae do prelo en Buenos Aires *Adolescencia*.

1947 Viaxa a Buenos Aires convidado polo Centro Galego para conmemorar o Día de Galicia e pode reencontrarse no exilio con **Castelao**. Redacta o libro de viaxes e memorias *Por os vieiros da saudade*. Inicia a súa sección de xornalismo en galego *Parladoiro*.

1948 É repostado na súa cátedra do Instituto ourensán, que hoxe leva o seu nome.

1950 Gaña a cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago cunha lección sobre as formas e a estética da paisaxe dos Alpes. Participa na fundación da **Editorial Galaxia**, presidindo o seu consello de administración e publica *La vocación de Adrián Silva*.

1952 Publica *Por os vieiros da saudade*.

1953 Publica en Buenos Aires *O libro dos amigos*.

1956 Viaxa a Venezuela convidado pola colectividade galega.

1957 Morre a súa nai **Eladia** ós 98 anos. Publica os contos *Entre a vendima e a castañeira*.

En marzo ten lugar o acto público da súa **1958** xubilación universitaria, reunindo en Compostela xentes de toda Galicia e recibindo homenaxes en Compostela e América.

En Madrid aparece o seu libro de versos *Bocarribeira. Poemas para ler e queimar*.

Viaxa, por segunda vez, á **1959** Arxentina e Uruguai, convidado polas colectividade galegas.

Publica a novela *O Señorito da Reboraina*. **1960**

Recibe o premio Galicia da **1962** **Fundación Juan March** e empeza a publicarse a *Historia de Galicia* que dirixe patrocinada polos núcleos da emigración.

Publica *O espello na serán* (*Entre o Pedroso e o Viso*). **1966**

Publica o estudo *El Padre Feijóo. Su vida, doctrina e influencias*. **1972**

Entrégaselle o tomo I das súas *Obras Seleccionadas*, preparadas por **1973** **Carlos Baliñas**.

O 8 de abril morre **Fita**, a súa inseparable compañeira. En setembro intervén en Rianxo na homenaxe a **Castelao** no 25 aniversario do seu pasamento.

Falece ás 8,30 da mañá do 10 de abril na súa casa da rúa da Paz en Ourense. **1976** No seu testamento lega o pazo de Trasalba a Galicia, representada pola **Editorial Galaxia**.

